

---

# Análise da posición da Universidade de Vigo nos rankings universitarios

---

---

Decembro-2013

---

# INDICE

---

## ❶ INTRODUCCIÓN

## ❷ ESTUDO DOS PRINCIPAIS RANKINGS VERBO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

1. RANKING DO TIMES HIGHER EDUCATION “THE TIMES”
  - 1.1 Descrición do ranking.
  - 1.2 Contido do ranking.
  - 1.3 Metodoloxía do ranking.
2. RANKING ARWU OU DE SHANGHAI
  - 2.1 Descrición e metodoloxía do ranking.
  - 2.2 Contido do ranking.
  - 2.3 Metodoloxía.
3. RANKING “SCIMAGO”
  - 3.1 Descrición e metodoloxía do ranking.
  - 3.2 Contido do ranking.
  - 3.3 Metodoloxía.
4. RANKING DA FUNDACIÓN CONOCIMIENTO Y DESARROLLO
  - 4.1 Descrición e metodoloxía do ranking.
  - 4.2 Contido do ranking.
  - 4.3 Metodoloxía.
5. OUTROS RANKINGS
  - 5.1 Top 500 Webometrics
  - 5.2 U-multirank
  - 5.3 Outros rankings

## ❸ CONCLUSIÓN

## ● INTRODUCCIÓN

As Clasificacións Académicas de Universidades ou Ranking Académicos de Universidades, son listas ordenadas que clasifican ás universidades e institucións de educación superior e investigación, de acordo a unha metodoloxía de tipo bibliométrico que inclúe criterios obxectivos medibles e reproducibles.

O obxectivo destas listas é dar a coñecer publicamente a calidade relativa de tales institucións. As listas clasificadoras son de dous tipos principais: globais ou específicas. As globais, toman en conta, polo menos, dous criterios e en xeral, moitos deles á vez. As listas específicas elabóranse tomando en conta unha soa categoría e están destinadas a valorar aqueles aspectos únicos nos que as institucións individualmente poden destacarse. O carácter das clasificacións, explicarémola nos apartados de metodoloxía.

A intención deste traballo é a de describir o posicionamento actual da Universidade de Vigo non rankings que teñen un maior recoñecemento. Valorar a evolución na súa presenza nestes rankings e comparar a situación da nosa institución coa das outras universidades da contorna, particularmente coas do sistema universitario en España e Portugal.

A articulación deste traballo consiste, daquela, en describir os principais rankings coa súa metodoloxía, para posteriormente valorar a posición da Universidade de Vigo verbo das descritas anteriormente.

## ● ESTUDO DOS PRINCIPAIS RANKINGS ACADÉMICOS VERBO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

### 1. *RANKING TIMES HIGHER EDUCATION (THE)*

---

**1.1 DESCRICIÓN DO RANKING:** Reflicte o desempeño global das Universidades, avaliándoas a través das súas principais misións: ensino, investigación, transferencia de coñecemento e internacionalización. O ranking emprega 13 indicadores para prover comparativas entre as diversas Universidades.

### 1.2 CONTIDO DO RANKING

O ranking recolle as catrocentas universidades do Mundo que considera que obteñen unha maior puntuación cos indicadores ponderados. Dentro destas, tan só sete das catrocentas universidades pertencen ao sistema universitario español.

O gráfico nº1, que figura a continuación, é un gráfico de elaboración propia a partires dos datos do Ranking, coa comparativa das diversas universidades incluídas no sistema universitario estatal (SUE) en relación ao ranking do 2013<sup>1</sup> e con 16.639 respostas de 144 países.<sup>2</sup> Emprégase unha distribución equilibrada entre disciplinas. As respostas maioritarias procederon das Ciencias Sociais (22.1%), seguidas de Enxeñaría e Tecnoloxía (21.3%), Ciencias Físicas (18%), Ciencias da Saúde (15.4%) e Ciencias Naturais (12.7%), coas Artes e Humanidades (10%) no último lugar.

---

<sup>1</sup> Datos baseados nunha enquisa realizada entre marzo e abril de 2012.

<sup>2</sup> Os enquisados polo ranking "The Times", levan traballando de media uns 17 anos no mundo académico.




Gráfico 1: "Ranking The Times" de Universidades do Mundo 2013-2014. Puntuación das Universidades Españolas. Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de The Times "Word University Rankings 2013-2014 Top 400 "

Como se pode observar, a Universidade de Vigo está entre as sete que aparecen no ranking, sendo a única do sistema universitario galego. Acada, ademais, a puntuación mais alta das sete no apartado de referencias á publicacións e a mais baixa en investigación.

Por outra banda, o "Times Higher Education" realiza tamén un ranking entre as institucións universitarias con menos do 50 anos de vida, no que tan só inclúen as 100 universidades que consideran máis relevantes. Para este ano 2013, a evolución das universidades españolas é a que segue:




Gráfico 2: Ranking "The Times" das 100 universidades con menos de 50 anos. Puntuación das Universidades Españolas. Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de The Times "The hundred under 50 "

Verbo dos diversos valores acadados pola Universidade de Vigo, presentamos a seguir unha táboa resumo, que inclúe a evolución dos datos respecto dos dous ranking no 2013.




Gráfico 3: Ranking "The Times" para a Universidade de Vigo 2013.  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de "The Times Ranking"

A Universidade de Vigo acadou a maior puntuación en ámbolos dous ranking no apartado de publicacións ,en primeiro lugar; e en relación aos ingresos por transferencia ,en segundo lugar; acadando o terceiro posto, dentro do ranking das 100 con menos de 50 anos. Na seguinte táboa se indica a posición no ranking en relación aos cinco criterios analizados:

**Universidade de Vigo: Puntuacións e datos recollidos no Ranking "The Times"**

Rankings "The Times" para a Universidade de Vigo	The Times "As 100 de menos de 50 "		The Times "Ranking Mundial de Universidades" 2013-2014	
	Criterios	Puntuación	Posto España	Puntuación
Publicacións	63,7	2º	62,9	3º
Ingresos Transferencia	36,6	3º	38,2	4º
Internacionalización	26,9	4º	25,9	7º
Docencia	25,4	5º	19,7	5º
Investigación	13,7	5º	10,7	7º

Táboa 1 Posición respecto ao resto de universidades españolas da Universidade de Vigo e puntuación segundo os criterios do ranking de "The Times". Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de "The Times Ranking"

Por outra banda, e cunha visión euorexional, respecto á puntuación acadada polas Universidades portuguesas no ranking xeral 2013-2014, temos que a Universidade de Vigo as supera nos apartados de:

1. **Ingresos por transferencia (beneficios da industria)** acadando un 38,2 respecto ao 37.4 da Universidade do Miño e o 36,7 da Universidade de Porto.
2. **Referencias a publicacións:** Vigo puntúa un 62.9 fronte ao 50.3 da Universidade de Minho e o 47,6 da Universidade de Oporto.

En relación á *docencia*, a Universidade de Vigo está nun punto intermedio xa que puntúa un 19,7 fronte o 20.5 de Porto e o 17,2 da Universidade do Minho.

Pola contra, a Universidade de Vigo vese superada polas portuguesas nos ámbitos de internacionalización( o 25,9 de Vigo fronte a o 43,9 e o 46,9 de Porto e Miño respectivamente) e investigación (10,7 de Vigo respecto do 18,6 de Minho e 17,8 de Porto).




Gráfico 4: Datos das universidades portuguesas no ranking The Times de 2013  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de "The Times Ranking"

A continuación, incluimos unha táboa cos postos acadados por todas as universidades españolas e portuguesas no ranking mundial "The Times" das mellores 400 universidades.<sup>3</sup>

RANKING DAS 400 UNIVERSIDADES DO MUNDO "THE TIMES"				
Universidades españolas e portuguesas				
	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2013-2014
Pompeu Fabra	155	186	201-225	-
Universidade Autónoma de Barcelona	142	201-225	201-225	226-250
Universidade de Barcelona	-	201-225	201-225	226-250
Universidade Autónoma de Madrid	-	276-300	301-350	301-350
Universidade de Valencia	-	301-350	351-400	351-400
Politécnica de Valencia	-	350-400	351-400	351-400
Politécnica de Cataluña	-	-	-	-
Universidade de Zaragoza	-	350-400	351-400	-
Universidade de Rovira i Virgili	-	-	-	351-400
<b>Universidade de Vigo</b>	-	-	<b>351-400</b>	<b>351-400</b>
Universidade de Miño	-	-	351-400	351-400
Universidade de Porto	-	301-350	351-400	351-400
Universidade de Lisboa	-	350-400	-	-
Universidade de Coimbra	-	350-400	-	-
Universidade de Aveiro	-	-	351-400	-

Táboa 2. Ranking das 400 Universidades do mundo The Times:  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de "The Times Ranking"

<sup>3</sup> No ano 2010, ano do inicio dos traballos do ranking, a mostra de universidades foio soamente de 199 entidades universitarias, polo que só aparece unha universidade do Estado: Pompeu Fabra

### 1.3 METODOLOXÍA DO RANKING

METODOLOXÍA DO RANKING POR MATERIAS	DOCENCIA: O ENTORNO DE APRENDIZAXE						INVESTIGACIÓN: VOLUME, INGRESOS E REPUTACIÓN			IMPACTO INVESTIGADOR : REFERENCIAS	INGRESOS POR TRANSFERENCIA DE CONECEMENTO/PERSONAL DOCENTE	PERSPECTIVA INTERNACIONAL		
	Total estudantes/personal docente	Premios de doutorado/licenciados	Doutorados/personal docente	Enquisa de reputación docente	Ingresos Institucionais/personal docente	Ingresos académicos/personal docente	Publicacións	Ingresos por investigación/personal docente	Enquisa de reputación investigadora			Referencias por publicación	Ingresos da industria/personal docente	Ratio de persoal internacional en relación co persoal nacional
<b>ARTES E HUMANIDADES</b>														
Peso Grupo														
Peso Indicador	3,8	1,9	4,7	25,3	1,9	3,8	3,8	37,5	15	2,5	2,5	2,5	7,5	2,5
<b>SAÚDE, CIENCIAS NATURAIS E CIENCIAS DA EDUCACIÓN FÍSICA</b>														
Peso Grupo														
Peso Indicador	2,8	1,4	4,1	17,9	1,4	4,1	4,1	27,5	35	2,5	2,5	2,5	7,5	2,5
<b>ENXEÑARÍA E TECNOLOXÍA</b>														
Peso Grupo														
Peso Indicador	3	1,5	4,5	19,5	1,5	4,5	4,5	30	27,5	5	2,5	2,5	7,5	2,5
<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>														
Peso Grupo														
Peso Indicador	3,3	1,6	4,9	21,1	1,6	4,9	4,9	32,5	25	2,5	2,5	2,5	7,5	2,5

Fuente "The Times": <http://www.timeshighereducation.co.uk/world-university-rankings/2013-14/world-ranking/methodology>

## 2. RANKING DE SHANGAI (ACADEMIC RANKING OF WORLD UNIVERSITIES: ARWU)

**2.1 DESCRICIÓN:** É unha das clasificacións máis coñecidas mundialmente. Trátase dun listado recompilado pola Universidade Jiao Tong de Shanghai. Este listado inclúe as 500 mellores institucións de educación superior do mundo ordenadas de acordo aos criterios que especificamos no apartado de metodoloxía.

**2.2 CONTIDO DO RANKING:** A seguinte táboa indica a posición no ranking de Shangai das universidades españolas:

**TÁBOA 4: RANKING ACADÉMICO DAS UNIVERSIDADES DO MUNDO. Top 500 Universidades do Mundo Shangai**

Universidades Españolas	2013		2012	
	Posto	Ranking Nacional	Posto	Ranking Nacional
Universidade Autónoma de Barcelona	201-300	1-4	201-300	4-7
Universidade de Barcelona	201-300	1-4	201-300	1-3
Universidade Autónoma de Madrid	201-300	1-4	201-300	1-3
Universidade Complutense de Madrid	201-300	1-4	201-300	1-3
Universidade Politécnica de Valencia	301-400	5-8	301-400	4-7
Universidade de Valencia	301-400	5-8	301-400	4-7
Universidade de Granada	301-400	5-8	301-400	8-11
Universidade Pompeu Fabra	301-400	5-8	301-400	8-11
Universidade de Zaragoza	401-500	9-10	401-500	8-11
Universidade de País Vasco	401-500	9-10	301-400	4-7
Universidade de Vigo	-	-	401-500	8-11

Fonte: <http://www.shanghairanking.com/>

Verbo das institucións portuguesas, as posicións no ranking son as seguintes:

**TABOIA 5: RANKING ACADÉMICO DAS UNIVERSIDADES DO MUNDO**  
Top 500 Universidades do Mundo

Universidades portuguesas	2013	
	Posto	Ranking Nacional
Universidade de Lisboa	301-400	1-2
Universidade de Porto	301-400	1-2
Universidade Técnica de Lisboa	401-500	3-4
Universidade de Coimbra	401-500	3-4

En relación á metodoloxía do ranking, cabe salientar a importancia do criterio HICI incluíndo, nesta edición, os datos e a metodoloxía do índice HCR de Thomson-Reuters de 2013, que non se incluía en edicións anteriores, tal como se explica no Estudo realizado por Domingo Docampo e Daniel Torres-Salinas do 2013.4

Respecto aos últimos datos recollidos, España incrementa a súa representación, pasando do 0.42% ao 2.52%, de 8 universidades a 23 universidades e de 26 investigadores a 112 investigadores; pasando de 7.2 puntos en 2012 a 9,5 puntos en 2013 na HICI de Shangai.

<sup>4</sup> Docampo D. e Torres-Salinas D.(2013) A nova lista de investigadores Altamente Citados de Thompson Reuters e o Ranking de Shangai: situación de España e Mapa Universitario

### 2.3 METODOLOXÍA DO RANKING:

As universidades atópanse ordenadas de acordo a unha fórmula que toma en conta os factores seguintes: o número de galardoados co Premio Nobel ou a Medalla Fields xa sexa formados na universidade (10%) ou traballando na mesma (20%), o número de investigadores altamente citados en 21 categorías ou HICI (20%), número de artigos publicados nas revistas científicas Science e Nature (20%), o número de traballos académicos rexistrados nos índices de citación do "Science Citation Index" e o "Social Science Citation Index" (20%) e ,para rematar, a "producción per capita", é dicir, a puntuación de todos os indicadores anteriores dividida entre o número de académicos a tempo completo (10%).

### 3. RANKING IBEROAMERICANO "SCIMAGO" (SIR)

**5.1 DESCRICIÓN DO RANKING:** O SCimago Institutions Ranking (SIR) mide principalmente a produción científica de alta calidade das institucións de investigación. O SCir Global 2013 cubre o período 2007-2011 e inclúe as institucións que publicaron ao menos 100 documentos científicos na base de datos SCOPUS. Entre as 4.300 institucións do mundo, atopamos 219 españolas, sendo a meirande parte universidades ou centros sanitarios.

#### 5.2 CONTIDO DO RANKING

Cabe salientar a puntuación no apartado de excelencia da Universidade de Vigo, no que supera ao resto de universidades galegas, á Politécnica de Madrid e a Complutense. O ratio de excelencia é un indicador importantísimo en relación co a calidade das institucións.

**TABOA 6: SIR 2013 SCIMAGO INSTITUTIONS RANKING. UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS**

RE	Institución	OUT	IC	IN	Q1	Spec	Exc	Lead	EwL
1	CSIC	49873	51,9	1,5	66	0,6	17,5	54,1	8,7
2	Universidade de Barcelona	16913	46,7	1,5	58,2	0,5	16,7	50,4	6,4
3	UAB	14624	43,2	1,4	55,1	0,5	16,4	53,8	6,5
4	Universidade Complutense de Madrid	14499	37	1,1	48	0,5	12,3	59,5	6
5	Universidade Politécnica de Cataluña	12302	43,8	1,2	35,6	0,7	13,7	62,4	7,8
6	Universidade de Valencia	11911	45	1,3	53,1	0,5	15,1	51,4	6
7	Universidade Autónoma de Madrid	11610	44,5	1,3	55,6	0,5	14,6	52,5	6
8	Universidade de Granada	10239	39,2	1,2	45,8	0,5	13,7	61,3	7,5
9	Universidade Politécnica de Valencia	9699	31,8	1,2	39,4	0,7	14,6	68,4	9,6
10	Universidade Politécnica de Madrid	9099	34,4	1	34,5	0,6	10,7	62,7	5,9
131	Universidade de Santiago de Compostela	7492	40,2	1,22	50,83	0,53	13,2	60,29	6,61
<b>126</b>	<b>Universidade de Vigo</b>	<b>5061</b>	<b>34,7</b>	<b>1,18</b>	<b>46,35</b>	<b>0,58</b>	<b>13,4</b>	<b>66,29</b>	<b>9,08</b>
202	Universidade da Coruña	2778	26,71	0,85	34,92	0,63	7,94	68,86	4,85

Fonte "Rendemento das institucións españolas no SIR 2013" FECYT (Institucións ordeadas por produción científica)

### 5.3 METODOLOXÍA DO RANKING:

Os criterios analizados son os seguintes:

- **Producción Científica(Out):** Número total de publicacións en revistas indexadas en SCOPUS.
- **Colaboración Internacional(IC):** Producción científica en colaboración con institucións estranxeiras.
- **Impacto Normalizado(IN):** Relación da media do impacto científico da institución coa media mundial.
- **Publicacións de alta calidade(Q1):** Porcentaxe de publicacións en relación co indicador de calidade das revistas SJR(SCImago Journal Rank)
- **Índice de especialización(Spec):** indica o nivel de concentración/dispersión temática da produción científica dunha institución. Indican se a institución é dunha formación de carácter xeral ou se é especializada.
- **Ratio de excelencia(Exc):** Indicador de alta calidade das institucións que indica a porcentaxe das publicacións científicas incluídas no 10% dos artigos mais citados da súa área.
- **Liderado científico (Lead):** indica a produción dunha institución coma contribuínte principal.
- **Taxa de excelencia con liderado(EwL)** Indica en cantos documentos incluídos na ratio de excelencia é a institución o principal contribuínte.

## 4. RANKING “FUNDACIÓN CYD”

---

### 6.1 DESCRICIÓN DO RANKING:

A Fundación Conocimiento y Desarrollo, composta por profesionais de recoñecido prestixio do ámbito académico e empresarial en España, ven elaborando unha serie anual de informes sobre as universidades, con especial interese pola transferencia de coñecemento.

Propiamente, a Fundación CyD non elaboraba un ranking, pero ofrecía información ordenada de cada universidade por diferentes criterios para o conxunto do SUE.

A realización dun novo ranking a partir de 2014 patrocinado pola Comisión Europea, o U-Multirank, no que participa a Fundación CyD coa recompilación de datos para España, coincide coa posta en marcha dun ranking da propia Fundación cunha metodoloxía semellante á do novo ranking europeo.

### 6.2 CONTIDO DO RANKING

En relación aos datos proporcionados polo ranking, temos os seguintes datos para á Universidade de Vigo:

<b>TABOA 7: Fundación CYD. Datos das Universidades incluídas no ranking de Shangai.</b>	
<b>Universidade de Vigo</b>	
Transferencias correntes públicas por alumno (€) 2008	5.443,00 €
Prezos públicos pagos por estudante (€) Curso 2008-2009	759,00 €
Gasto corrente por estudante (€) Curso académico 2008-2009	6.096,00 €
Investimento material por estudante (€) curso académico 2008-2009	1.559,00 €
Producción científica total (2006-2010)	4480
Ranking por volume de produción	10
Ranking por impacto normalizado	7

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Fundación CYD

### 6.3 METODOLOXÍA DO RANKING

O Ranking CyD, tal e coma estará operativo en 2014, tomará como referencia aos ámbitos de coñecemento. Así mesmo, é multidimensional, e está orientado ao usuario final a través dunha serie de indicadores que permiten a comparación dos datos, sen agregalos nun indicador composto ponderado. Finalmente, presenta os resultados por grupos de rendemento (alto, medio e baixo)

## 5. OUTROS RANKINGS

---

### 5.1 Top 500 Webometrics:

O Ranking Web (Webometrics) de Universidades realizado polo CSIC publica desde 2004, cada seis meses, un ranking académico independente co obxectivo de fornecer información fiable, multidimensional, actualizada sobre as universidades de todo o mundo tendo en conta a súa presenza e impacto na Web. Na actualidade o Ranking inclúe máis de 21.000 universidades con dúas edicións, unha que aparece a finais de Xaneiro e unha segunda dispoñible ao terminar Xullo.

**Metodoloxía de Webometrics:** Para a avaliación das entidades téñense en conta criterios relativos a visibilidade (50%) e criterios relativos á actividade (50%). A continuación axuntamos unha breve descrición dos diversos aspectos avaliados polo ranking:


En relación á visibilidade, temos o indicador de IMPACTO que avalía a calidade dos contidos, prestixio institucional, o rendemento académico, o valor da información, e a utilidade dos servizos tal como ofrécese nas páxinas web de acordo cos criterios e opinións de millóns de editores web de todo o mundo, tamén se teñen en conta os datos de visibilidade coma os enlaces.

**PRESENZA (1/3).** O número total de páxinas web aloxadas no dominio web principal (incluíndo todos os subdominios e directorios) da universidade obtidos de Google.



**APERTURA (1/3).** O esforzo global para crear repositorios institucionais de investigación recoñécese explicitamente neste indicador, que ten en conta o número total de ficheiros (pdf, doc, docx, ppt), publicado en sitios web tal como recóllense no motor de procura Google Académico (Google Scholar).

**EXCELENCIA (1/3).** Os traballos académicos publicados en revistas internacionais de alto impacto están xogando un papel moi importante en todos os ranking de Universidades: Webometrics restrinxe o indicador só a aquelas publicacións excelentes. Neste Ranking considéranse como tales os artigos comprendidos entre o 10% máis citados das súas respectivas disciplinas científicas que implica unha medida da produción de alta calidade das institucións de investigación.

A continuación, incluímos un gráfico indicativo dos valores acadados pola Universidade de Vigo no ranking web Webometrics dende o ano 2011 ata a actualidade:



O dous gráficos seguintes, indican os diversos valores acadados pola Universidade de Vigo no ranking Webometrics, en relación co resto das universidades do sistema universitario galego SUG:



Estes dous gráficos coa comparativa das universidades do SUG, elaboráronse co contido do ranking Webometrics ([www.webometrics.info/es](http://www.webometrics.info/es)) durante os dous últimos períodos analizados no estudo: xaneiro de 2013 e xullo de 2012.

## 5.2 U-Multirank

O U-Multirank é un novo proxecto de ranking internacional, patrocinada pola Comisión Europea para permitir unha comparativa diferente entre universidades, que comezará a estar operativa ao longo do ano 2014. Trátase dun ranking multidimensional de institucións educativas da educación superior orientado ao usuario final e baseado en datos empíricos.


U-Multirank ten en conta un conxunto de indicadores verbo do ensino, a aprendizaxe, a investigación, a transferencia de tecnoloxía, a orientación internacional e o compromiso co territorio de cada institución.

A metodoloxía combina un ranking institucional con ranking baseados en aspectos que se enfocan en disciplinas académicas particulares ou grupos de programas.

### *Características do ranking U-Multirank*

- É multidimensional, ten en conta diferentes perspectivas das institucións, non soamente a investigación.
- Non obtén indicadores xerais compostos e non asigna peso a estes indicadores, dado que pequenos cambios no peso de estes indicadores fan que a clasificación cambie de forma significativa.
- Está orientado ao usuario e permitirá aos diferentes actores (estudantes, gobernos, universidades,...) analizar os indicadores e obter rankings adaptados ás súas necesidades e prioridades específicas.
- Déixase aos usuarios a decisión sobre a relevancia dos diversos indicadores, implementándose o ranking coma unha ferramenta interactiva na web.
- Está tamén orientado aos grupos de interese (stakeholders) que participarán no desenvolvemento do sistema e a súa mellora.
- É un ranking multinivel que combina un ranking institucional (tomando a universidade no seu conxunto) con rankings por áreas que se centrarán en disciplinas, sendo ambos niveis importantes.
- Reflectirá a diversidade das institucións, non centrándose exclusivamente en universidades con vocación internacional ou investigadores. O ámbito de este ranking será máis amplo e proporcionará información sobre institucións con diferentes perfís.
- Comparará institucións con perfís de actividade similares, ao considerar que non ten sentido comparar unha universidade pequena e local con as grandes universidades.
- As institucións se clasifican nunha serie de grupos diferentes segundo o indicador a ter en conta.

Contará cunha utilidade denominada Umap que é un comparador de Universidades, segundo os diferentes criterios e indicadores utilizados.



En 2014 está previsto que se publique por primeira vez, tanto para o conxunto das institucións coma para os ámbitos de administración de empresas, enxeñaría eléctrica, enxeñaría mecánica e físicas. A partires desa data iranse ampliando os traballos por ámbitos de coñecemento.

**5.4 Outros rankings:** Existen outros ranking de universidades de número crecente. Entre eles, podemos diferenciar os seguintes conxuntos:

- Rankings cunha visión global e xeneralista: QS, Leiden...
- Rankings cunha visión global e especializada: Tilburg para facultades e Economía, etc...
- Rankings específicos de estudos (posgrado) ou países, coma o ranking do xornal “El Mundo”

## CONCLUSIÓN

A importancia dos rankings e da comparabilidade entre universidades e cada vez maior. Para a Universidade de Vigo, o que se verifica é a súa chegada nestes últimos anos a aqueles que teñen un maior impacto mundial (Shangai, Times), aínda que será complicado manter esa posición na élite, como ven de suceder neste ano 2013 co ranking de Shangai.

A competencia mundial, e en particular de países emerxentes investindo en investigación e contratando aos autores de maior impacto científico, dificultará o mantemento das posicións acadadas. Por outra banda, a crise económica e a consolidación fiscal están provocando a redución ou desaparición de programas de I+D+i e de formación de investigadores que supoñían un importante instrumento de produción científica que estase a perder.

A marcha de xoves doutores a outros centros de investigación prexudicará a posición das universidades españolas e portuguesas, polo que é preciso desenvolver novos mecanismos de atracción, tanto para abrir posibilidades a estes coma para manter os logros acadados. A captación de fondos da Unión Europea e a colaboración co mundo empresarial serán clave nos vindeiros anos para consolidar as posicións actuais.